

Máis medallas para a salvaterrense Lucía Rodríguez

Páxina 2

Universidade de Vigo e Santiago farán o Plan Turístico do Corpus

Páxina 6

Nova gardería para As Neves

Páxina 10

Un experto en seguros asesorará aos afectados pola explosión de Paramos

Páxina 15

O Concello organiza a XXIII Travesía a Nado Porto da Guarda

Páxina 17



O Xulgado autoriza o pago a provedores bloqueado polos grupos da oposición

Páxina 13

Óptica mahen

mahen audiópraxia

Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

CONDADO / PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Lucía Rodríguez, campiona de España Sub15 en dobles mixtos e subcampiona en individual, gaña o ouro no AUSTRIAN U17 Open 2018

Salvaterrense Lucía Rodríguez García, que pertence ao Clube de Bádminton de As Neves, ven de competir no AUSTRIAN U17 Open 2018 que se celebrou entre o 1 e o 3 de xuño en Lauterach, acadando o ouro en dobles mixtos formando parella co vigués Xacobo Fernández, do Clube do Mar de A Coruña, e acadando o quinto lugar en individuais. A súa chegada foi recibida no Concello de Salvaterra de Miño pola 1ª Tte de Alcalde Marta Valcárcel Gómez, que salienta o traballo, dedicación e compromiso desta xove promesa do bádminton.



É a primeira vez que unha parella española logra un ouro na modalidade de dobles mixtos nunha proba do circuíto europeo BEC sub 17, mérito aínda maior ao ter ambos só 14 anos e ser esta a primeira tempada que compiten xuntos.



Campiona de España Sub15 en dobles mixtos e subcampiona individual

O pasado 13 de maio Lucía Rodríguez proclamouse campioa de España na modalidade de Dobles Mixtos xunto a Jacobo Fernández no Campionato de España sub15 de Bádminton celebrado no municipio cacereño de Vi-

llanueva de la Vera.

Na modalidade individual e sendo o seu primeiro ano na categoría, Lucía realizou unha magnífica competición alcanzando a final sen ceder nin un só set e conseguindo proclamarse subcampioa de España. Pola súa banda, o seu compañeiro Jacobo Fernández alzábase co ouro na categoría individual.

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

milfolas@mundo-r.com

Panadería Pastelería
A Fogaza
Pan Artesano

Dario Bugallal, 7 Ponteareas
Telf: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

ELECTRICIDAD
IN. M. A. C.
CONDADO.S.L.

Jorge Ferreira Bouzo
Instalador Autorizado PO-1603

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumeados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tel: 986 65 82 07 Móvil: 651 86 01 55 - RS email: administracion@eletriciadcondado.es
Polg. Ind. Chan do Poio, Nave 1 - 36450 SALVATERRA DE MIÑO

o remendón
CERRAJERO

-Apertura de portas
-Cambios de cerraduras
-Mantenimento de comunidades
-Duplicado de llaves y telemandos

-Automatismos
-Amaestramiento bombillos
-Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL
Duplinox

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

o noso EIDO

taberna

Especialidades en: Anxos e Lombras, Pintos do Río, Cocos e Prancha, Bacalao e Kikos a vapor.

RESERVAS: Ana 651 040 534 - Coke 646 424 968
Telf: 906 658 313 - Rúa da Fraga, 5 - SALVATERRA DE MIÑO (PO)

PINTURAS FERNANDO MÍGUEZ

Rúa Arxentina, 11 - Saída de Caselas
T: 886 115 548

Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño
T: 986 658 529

Móvil: 643 318 524
pinturasfernandomiguez@hotmail.com

SALVATERRA DE MIÑO

Oitava Xuntanza Escolar no Parque A Canuda

Un ano máis, e xa son oito, o Concello de Salvaterra de Miño e os Centros Escolares de Infantil do Municipio, é dicir, o CEIP Infante Felipe de Borbón, o Cra A Lagoa e o CEIP de Leirado, veñen de desfrutar da xa tradicional Xuntanza Escolar de Infantil, durante toda a mañan, no Parque Público A Canuda, na cal contaron tamén coa colaboración da Policía Local e a Policía Nacional e nais e pais voluntarios do centros participantes.

Ó longo da mañá os diferente grupos formados por nenos e nenas de entre 3 e 5 anos realizaron diferentes obradoiros e actividades como pescar, educación viaria, paseos en barca, manualidades, inchables, obradoiros de xogos psicomotrices, ..., sempre gracias a colaboración dos profesores e profesoras e aos pais e nais. Ademais a Policía Nacional e a Garda Civil levaron os seus vehículos e ensináronlle como funcionan e como traballan no seu día a día, algo que lle encanta aos mais cativos.

Estas actividades organízanse con un dobre fin, por un lado o lúdico e por outro o da convivencia, xa que con accións coma estas o que se busca

sempre é unha integración e convivencia efectiva entre os escolares dos diferentes centros do municipio.



Campamento de verán do Concello de Salvaterra

O Concello de Salvaterra de Miño organiza un ano máis os campamentos de verán, dentro do programa de conciliación familiar, para nenos e nenas con idades comprendidas dende os 4 aos 18 anos, ofrecendo máis de 350 prazas.

Un programa diverso, con actividades variadas, que buscan facilitar a conciliación da vida laboral e familiar nos meses estivais, ademais de incentivar a convivencia e a participación dos nenos e nenas. Este ano ampliáanse os horarios dos campamentos, tanto para os máis pequerrechos como para os maiores, ofrecendo un horario que pode ir dende ás 09.00 hasta as 14.00h, durante o mes de xullo.

Como xa é costume, ofertase un curso de cociña saudable, para os rapaces e rapazas de 14 a 16 anos (do 9 ao 13 de xullo) co fin de que aprendan a comer e a elaborar comida saudable, e un curso de Inglés, de 10 a 18 anos (os mércores de xullo e agosto) de nivel pre-intermedio e intermedio.

Ademais destas actividades e campamentos gratuítos, o Concello leva a cabo nos meses de xullo e agosto os cursos de natación, que acolle nenos e nenas dende os 4 anos a adultos, onde preto de 100 alumnos e alumnas aprenden e melloran a súa técnica.

As inscricións están abertas do 5 ao 22 de xuño.



CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

Escolas deportivas de verán 2018

A Concellería de Deportes informou das Escolas Deportivas de Verán 2018 de Ponteareas.

Estas escolas, que son totalmente gratuítas, desenvólvense durante os meses de xullo e agosto. O seu horario varía segundo a actividade, tendo lugar algunhas de mañá e outras de tarde.

As actividades deportivas que se ofertan, en colaboración con entidades deportivas da nosa vila, son as seguintes:

taekwondo, bádminton, patinaxe, baloncesto, scout, wu shu, tenis, fútbol sala, billar ou xadrez. Este ano, asemade, tamén se chegou a un acordo co Club Tea de Mondariz-Balneario, grazas a cal tamén se ofrece a actividade de piragüismo, actividade para a que os rapaces e rapazas deben saber nadar.

O prazo de inscricións estará aberto dende o 18 ao 30 de xuño de 2018 e todos aqueles e aquelas que preci-

sen maior información deberán contactar co Departamento de Deportes do Concello ou acceder á ficha de inscrición na páxina web do concello www.ponteareas.gal na pestaña Deportes. A solicitude hai que entregala polo rexistro de entrada do Concello de Ponteareas. Está aberto ata as 13:00 horas, de luns a venres (Deportes). Débese adxuntar copia da tarxeta sanitaria do neno/a e copia do DNI.

Publicadas as listas do Campus Tea

Xa están publicadas as listas de admitidos para as diferentes quendas do Campus Tea. Os interesados poden consultarlas na web do concello de Ponteareas na pestaña "Ensinno" Campus Tea. (<https://ponteareas.gal/servizos/ensino/campus-tea/>).

Tamén veñen de publicarse

as listas dos e das participantes no Verán Rural para o que aínda quedan prazas libres nas diferentes parroquias, Guláns, Moreira, Prado e Xinzo. As listaxes poden consultarse tamén na páxina web do concello na pestaña "Bases Ensino" (<https://ponteareas.gal/servizos/ensino/bases-ensino/>).

Esgotadas as entradas para as visitas teatralizadas do Castelo do Sobroso



A Deputación de Pontevedra esgotou en pouco máis de dúas horas as prazas dispoñibles para o catro visitas teatralizadas ao castelo de Sobroso, que se desenvolverán este sábado 16 e o domingo 17, así como o venres 29 e o sábado 30 de xuño. O proceso de inscricións abriuse o día 12 ás 11 da mañán na páxina web de Turismo Rías Baixas e en dúas horas completáronse todas as prazas. Ademais, desde primeira hora da mañá, os dous teléfonos dispoñibles estiveron a atender múltiples chamadas de persoas interesadas para consultar dúbidas e obter información adicional.

As visitas teatralizadas diríxense ao público familiar e virarán ao redor de dúas figuras con historia no recinto fortificado: Dona Urraca, que estivo presa en Sobroso e fuxiu por un pasadizo, e Pedro Madruga, quen reconstruíu o castelo despois das revoltas

irmandiñas. O obxectivo é achegar, sobre todo aos máis novos, a historia de Galicia dunha maneira amena e divertida, así como mostrar a natureza e a paisaxe do castelo de Sobroso, podendo gozar dunhas incomparables vistas do val do Tea desde as terrazas da fortaleza.

Así mesmo, durante a visita teatralizada, os participantes poderán realizar tamén a ruta ambiental "Senda do Bosque Atlántico", unha proposta diferente posta en marcha para poder coñecer a historia do castelo e da súa natureza a través de códigos QR que os visitantes poden ir descargando no seu percorrido. Estas visitas teatralizadas enmárcanse dentro da estratexia da Deputación co obxectivo de converter o castelo de Sobroso noutro importante foco de atracción de visitantes, do mesmo xeito que o castelo de Soutomaior, no que este tipo de actividades foi un absoluto éxito.

ESCOLAS DEPORTIVAS DE VERÁN 2018

GRATUITAS

XULLO E AGOSTO

<p>taekwondo martes e xoves 10:45 horas</p> <p>Colabora: Club SPORT FACTORY TNO.: 986 642 125 DE 4 A 16 ANOS Colexio Ferrás Rosca Brey 48 prazas</p> 	<p>wu shu venres 11:00 horas (3o Agosto)</p> <p>Colabora: Asociación Deportiva WUDANG TNO.: 625 388 633 A PARTIR DE 5 ANOS Colexio Ferrás Rosca Brey</p> 
<p>bádminton mércores 10:00 horas (3o Xullo)</p> <p>Colabora: Club BADMINTON PONTEAREAS TNO.: 609 827 471 A PARTIR DE 8 ANOS Pavillón Álvaro Pizo</p> 	<p>tenis Día a confirmar 10:00 horas</p> <p>Colabora: Club TENIS PONTEAREAS TNO.: 607 161 182 A PARTIR DE 6 ANOS Pistas de Tenis da Fréiza</p> 
<p>patinaxe martes e xoves 17:30 horas</p> <p>Colabora: Club Patinaxe LUAR TNO.: 686 136 094 DE 5 A 14 ANOS Pavillón Álvaro Pizo 40 prazas</p> 	<p>fútbol sala luns 12:00 horas (3o Agosto)</p> <p>Colabora: FÚTBOL SA 40 X 20 TNO.: 617 486 654 DE 4 A 16 ANOS Colexio Ramiro Sabell Mosquera 20 prazas</p> 
<p>baloncesto martes 16:00 horas</p> <p>Colabora: Club Baloncesto CONDADO TNO.: 678 969 826 A PARTIR DE 6 ANOS Pavillón Álvaro Pizo 48 prazas</p> 	<p>billar luns 19:00 horas (3o Agosto)</p> <p>Colabora: Escola de Billar CA SPORTIVO TNO.: 655 684 535 A PARTIR DE 5 ANOS C.A. Sportivo</p> 
<p>piragüismo luns 17:00 horas</p> <p>Colabora: Club Tea PIRAGÜISMO TNO.: 649989024 DE 7 A 14 ANOS Instalación Club Tea Mondariz-Balneario Avda. Enrique Petador, 14 * Ingresos libre sobre nadar</p> 	<p>xadrez martes e xoves 10:00 horas (do 15 ao 31 de xullo)</p> <p>Colabora: Escola Municipal DE XADREZ TNO.: 627 249 951 A PARTIR DE 5 ANOS Avda. Sarmiento Rivera, 17, 1º Izq 20 prazas</p> 
<p>scout sábados 11:00 horas</p> <p>Colabora: Grupo Scout BOSQUETE A TNO.: 698 129 529 Pavillón Álvaro Pizo</p> 	

Inscricións do 18 ata o 30 de xuño

Información:
Departamento de Deportes e www.ponteareas.gal

PONTEAREAS

As alfombras de Ponteareas superan o récord de asistencia

O goberno local salienta o éxito desta última edición das festas do Corpus Christi de Ponteareas.

Milleiros de persoas ateigaron as rúas do centro Toda a noite do sábado para o domingo e durante toda a mañá do domingo achegáronse ata Ponteareas visitantes e turistas de toda Galicia, e de fora de Galicia destacando a grande afluencia de portugueses.

Un grande número de viaxes organizadas en autobús foi atendido polos guías turísticos do punto de información que

os acompañaron nun percorrido pola vila ademais de facilitar información nos dous puntos de información turística ubicados na praza Bugallal e no cruceiro de San Gregorio.

O desfile de carrozas da tarde do domingo tamén colgou o cartaz de cheo con veciños de toda a área metropolitana que viñeron gozar do espectáculo ofrecido polas carrozas



veciñais e pola novidosa e entreteida animación de rúa.

O concerto de Mitic gañou a batalla contra a chuvia e fíxose cos aplausos dun público que encheu a praza Maior.

ECOCELTA convertirá os restos florais do Corpus en compost ecolóxico

Por iniciativa da Concellería de Medio Ambiente a empresa de recollida de lixo e limpeza FCC ven de depositar tres metros cúbicos de restos florais nas instalacións da empresa ponteareá ECOCELTA para o seu tratamento.

Por segundo ano consecutivo, o goberno fai un novo exercizo de responsabilidade medioambiental entregando estes residuos orgánicos para que sexan xestionados por profesionais.

Os restos florais sumaráanse aos recibidos ao longo do ano dos restos da poda municipal para obter un compost ecolóxico composto por un



40% de restos vexetais contribuíndo ademais a xerar unha economía circular.

Estas iniciativas camiñan na liña dos obxectivos marcados na estratexia "Ponteareas, Hábitat Saudable" para un futuro sostible, responsable e participativo.

A Concellería de Ensino destaca o compromiso dos patrocinadores das Meninas 2018

A concellería de Ensino do concello de Ponteareas agradece a todos os patrocinadores das Meninas 2018 a súa aportación económica e apoio á organización Avelaiña de axuda a persoas con enfermidades mentais que recadou 1050€ no marco do proxecto "Flores para as Meninas".

As 30 Meninas realizadas polos centros educativos e co-

lectivos sociais de Ponteareas e de toda a área metropolitana recibiron o patrocinio de particulares, empresarios, asociacións culturais e colectivos como BANASTRA ou a FANPO que quixeron amosar o seu compromiso con esta entidade sen ánimo de lucro declarada de utilidade pública e composta por parentes e amigos de persoas con enfermidade mental, cuidadores e

persoas sensibilizadas ante este problema de saúde, que forma parte da Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES Galicia) e a Confederación Española de Agrupacións de Familiares e Enfermos mentais (FEAFES).

Avelaiña destinará os cartos recadados ao proxecto "Fisicamente activo e mentalmente saudable"



Cincuenta metros cadrados de arte floral de Ponteareas na Orotava

Once alfombristas do Cantón de Boavista acompañados do Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas e da concelleira de Comercio, Inés Vidal, representan a Ponteareas na vila da Orotava en Canarias.

Confeccionaron unha alfombra floral de cincuenta metros cadrados na rúa perfilada co capucho da landra de carballo e realizada con urceira verde e negra, pampullo e tuia levados dende Ponteareas e outras flores

como rosa ou caravel facilitadas todas pola asociación de alfombristas de La Orotava.

Cun deseño de motivos florais ao estilo Ponteareas a alfombra ponteareá atrapou a ollada dos moitos visitantes que se achegan ao longo desta semana a La Orotava.

O Alcalde destaca a importancia deste estreito irmanamento que enriquece ás dúas cidades e fai que compartan coñecementos e o mesmo gusto pola arte floral.



Fotografía de Germán Lorenzo Fariña, o Alcalde e a Concellera cos alfombristas de Ponteareas.

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

As Universidades de Vigo e Santiago realizarán o Plan de Desenvolvemento Turístico Cultural do Corpus de Ponteareas

O concello de Ponteareas traballará coa Universidade de Vigo e coa Universidade de Santiago no “Plan de desenvolvemento turístico cultural do Corpus de Ponteareas”, así o anuncia o Alcalde, Xosé Represas, tralas xestións realizadas para a sinatura dun proxecto no que se constituirá un comité científico formado por un grupo de expertos en turismo e desenvolvemento territorial. Os alfombristas tamén contarán cunha participación relevante no desenvolvemento deste proxecto.

No marco desta primeira fase do plan turístico realizarase un diagnóstico estratéxico que arrancará os seus primeiros tra-

ballos coa realización de enquisas entre os visitantes para coñecer a súa opinión e detectar carencias e fortalezas.

O plan de desenvolvemento turístico cultural do Corpus tamén contempla a organización dunhas xornadas internacionais sobre a temática “patrimonio etnográfico e marketing territorial turístico” que se celebrarán no último trimestre do ano e suporán unha cita única á que se prevé a participación de representantes institucións municipais de localidades relevantes no arte efémero das alfombras de flores, asociacións internacionais de alfombristas, especialmente aquelas que celebran o Corpus nas mesmas



datas que Ponteareas.

“Estas xornadas serán o punto de encontro dos alfombristas a nivel internacional ao fixarse en datas fora dos días de celebración o Corpus no que colectivos máis destacados de alfombristas ven imposible a súa

visita a Ponteareas como foi o caso de Genzano (Italia) que ata última hora tentou vir sendo finalmente inviable ao cadar cos diversos actos do seu programa festivo-cultural”.

As liñas de traballo das que parte este proxecto promovido polo goberno local concibe un concepto único dos termos turismo e territorio

cunha visión territorial do fenómeno e asumindo un papel relevante da cidadanía no desenvolvemento turístico.

O investigador responsable do proxecto será o catedrático e director do departamento de xeografía da USC, Rubén Lois que traballa no departamento de investigación do Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDE-GA) que ven de ser elixido vicepresidente da Unión Xeográfica Internacional (IGU), un cargo que se suma ao de vocal do comité español desta mesma institución. É a segunda vez na historia do organismo que un académico do estado español ostenta a vicepresidencia tras o catedrático da Universidade de Barcelona Joan Vilá que exerceu na década dos 80.

Represas reclama ao conselleiro de Política Social o apoio para a reforma da residencia de maiores

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, e a concelleira de Benestar Social, Verónica Carrera, reuníronse onte co Conselleiro de Política Social, José Manuel Rey, na sede do parlamento galego para tratar as necesarias obras de reforma da residencia de maiores, o seu traspaso e a cofinanciación das obras da escola infantil.

Alcalde e concelleira facilitaron a José Manuel Rey o informe técnico que detalla as urxentes obras de mellora na cuberta, na fachada, no pavimento das tres plantas e no vestiario que acadan un orzamento total de máis de douscentos mil euros.

Ao tratarse de obras para un servizo que é competencia da Xunta, o goberno estima que deben asumir o custe das mesmas.

Carrera e Represas solicitaron ao conselleiro a inmediata constitución da comisión mixta para estudar o traspaso da xestión da residencia que xenera para o concello un custe anual superior

aos cen mil euros ao ano.

O Alcalde lembroulle que este é un compromiso adquirido polo presidente da Xunta de Galicia no ano 2012 que nunca se chegou a concretar nin avanzar nestes seis anos.

Por outro lado, en canto aos vinte traballadores da residencia Represas convida á comisión mixta a estudar caso por caso xa que este tema non suporía ningún impedimento e asegura que o concello podería incluso recolocar noutro servizo municipal a aquelas traballadoras que non puideran integrarse no persoal da Xunta.

Escola infantil

Outro dos temas tratados e dos que xa está en coñecemento o departamento de Familia da Xunta de Galicia é a escola infantil, na que tamén haberá que facer obras de adaptación á normativa de seguridade para o que o goberno de Ponteareas pide á Xunta a cofinanciación tras terlle achegado o informe técnico pertinente.

Así mesmo, Alcalde e Concelleira adiantáronlle a previsión de que nos vindeiros meses se aprobe o Plan Xeral de Ordenación Municipal no que se contempla a construción dunha nova escola infantil para a que agardan contar co compromiso e apoio da Xunta.


A residencia está xestionada polo Concello dende o ano 1997, o goberno actual mantivo varios encontros ao longo destes anos coa Xunta de Galicia para trasladarlles a necesidade de que asuman as súas competencias e responsabilidades na xestión deste centro.

“Esta é unha cuestión xa trasladada en 2012 polo anterior goberno local sen que a Xunta de Galicia pasase en ningún momento nestes 6 anos das promesas aos feitos. A residencia Santa Anta, aberta dende o ano 1986, ten que ser asumida pola Xunta de Galicia porque lle corresponden estas competencias”, afirmou a concelleira de Benestar Social, Verónica Carrera.

Ponteareas no Tempo recupera a historia da veciñanza

A Concellería de Cultura, que dirixe Hortensia Bautista, presentou o proxecto “Ponteareas no Tempo”, un proxecto que pretende recuperar a historia do noso concello a través das fotografías que están nos caixóns das casas das veciñas e veciños de Ponteareas e as historias que as nosas xentes saben sobre as mesmas.

A intención do Concello é deixar un legado ás xeracións futuras, polo que este non é un proxecto para uns meses ou para un ano, senón un proxecto colectivo para que perdure no tempo, de feito “somos conscientes de que cada día que pasa se perde unha historia, polo



que queremos contar coa colaboración de cada familia, cada barrio, cada parroquia e cada colectivo ou entidades que axuden a recuperar a nosa historia e contala aos máis novos. Cada un de nós coñece unha historia que ninguén mais sabe, por iso todos somos importantes”.

Por: Guillermo Rodríguez. Director



Ordenando a miña alacena (IV)

Na edición de NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO deste mes de xuño ofrecínlles o capítulo III desta serie de reflexións que me deu por denominar “Ordenando a miña alacena”. Faleilles duns libros que se veñen distribuindo nos colexios da Comunidade de Castela e León animando aos nenos/as a “meterse de cheo no eido da economía”.

Como teño o meu cesto de cereixas acugulado polos últimos acontecementos sociais e políticos que vivimos vou dar remate a esta “perla” informativa que nos ofrece eldiario.es. Haberá que poñerse a traballar coas cousas do novo goberno, non lles parece?

Imos lá, como dirían os amigos do Val Miñor.

Os devanditos libros non fan máis ca fomentar a educación privada e o traballo infantil. Isto, en principio, ata podería ser aceptable senon fora porque o fan dende unha perspectiva puramente económica, sen ter en conta ningunha outra consideración en canto aos valores que nos centros educativos deben estar presentes: a solidariedade, o respecto polos demáis, a idea de que os bens materiais deben servir para que todos, ricos e pobres (no suposto de que sexa estrictamente obrigado aceptar esta división do mundo) desenvolvan os seus proxectos vitais en harmonía sen enfrontamentos pola riqueza, polos bens materiais, etc.

Tratar de estimular aos nenos/as para que se adentren no “mundo dos negocios” non é, pensamos nós, unha aceptable práctica educativa. Cousas como “en países como EEUU ou Alemaña niños coma ti xa teñen o seu pequeno traballo; ademais durante as vacacións e no seu tempo libre lavan os coches dos veciños, pasean os cans, cuidan a

outros nenos/as máis pequenos, etc. a cambio de cartos que moitos deciden aforrar”, ou “cres que aos nenos/as da túa idade lles interesa a economía e as finanzas?”.

Que hai que traballar dende pequenos porque é unha maneira de aforrar, de invertir incluso para poder estudar nun bo colexio ou universidade.

Pretenden preparar espertos en fi-



nanzas, traballadores especializados no mundo da banca. Animánlles a aforrar e invertir porque poden chegar a ser donos de empresas como Apple, Coca Cola ou Walt Disney; están, non só alentando o traballo infantil, tamén están guiandoos politicamente.

O libro foi prologado polo Conselleiro Fernando Rey e na páxina web da autora María Jesús Soto están as cartas de agradecemento da Casa Real, do Papa Benedicto XVI, do que foi presidente do Banco Popular, Angel Ron, ou da súa Alteza Real don Luis Alfonso de Borbón e súa dona Margarita Vargas. Tamén tivo o aplauso do que fora Xefe do Gabinete de Presidencia en 2013, Jorge Moragas.

Adentrábase descaradamente no mundo político tratando de explicarlles en

que consiste o populismo, agora tan de moda: “este término, din no libro, utilízase en contextos políticos, económicos e culturais... Non é unha ideoloxía, senon un estilo de facer política normalmente baseado en mensaxes baleiros de contido, criterio e consecuencias. Unha corrente que busca atraer as masas descontentas, poñéndose en contra das elites políticas, económicas ou culturais establecidas

Acaso, pregúntase no libro, outras tendencias non buscan o ben das diferentes clases sociais? Débese estar en contra do establecido pensando que, por sistema, é malo? Será mellor o que está por chegar? Pensa se os países gobernados por populismo tiveron en conta o benestar do seu pobo e a mellora do seu nivel de vida. Como ven todo un manual de entrenamiento para futuros dirixentes políticos.

Finalmente digamos que a autora destes libros, María Jesús Soto, posúe unha longa traxectoria profesional no mundo financeiro, de máis de 25 anos. Durante 10 anos socia fundadora de AB asesores en León, e durante catro anos como Vice Presidenta de Morgan Stanley, liderando proxectos de intercambio comercial e relacións públicas entre EE UU e España, colaborando con membros da comunidade hispana dos EEUU, así como con represen tantes do Goberno americano e español. Durante 10 anos traballou como axente financeiro para a prestixiosa empresa Inversis Banco como Socia Directora da oficina de León. Ademais dirixe dende 2010 un portal de información financeira, elinversorinquieto.es. Ven de ser nomeada membro do Consello Social da Universidade de León, formando parte da Comisión Económica e Financeira.

Toda unha xoia no eido da pedagogía e didáctica escolar, que é, precisamente,

o que se lle debe pedir a unha persoa que escriba libros dedicados aos nosos estudantes.

E xa para ir rematando, deixar anunciado que na próxima entrega falaremos con máis vagar da política actual deste nosa pel de touro, porque en apenas unha semana teñen pasado máis cousas que durante os seis meses, por dicir unha cantidade, anteriores. A Audiencia Nacional deulle tal susto ao Partido Popular que o deixou sen cabeza. O “pobre” Rajoy non foi quen de soportalo e presentou a dimisión, logo de que Pedro Sánchez “O Atrevido”, como xa lle chaman nas redes, o sometera a unha moción de censura que, contra todo prognóstico, gañou. Ninguén daba un euro polo resultado e, sen embargo, saíu triunfante, ¡¡cousas da política!!.

Agora temos un novo panorama moi divertido: os socialistas que cotizaban á baixa están gobernando; os “naranxitos”, que ían vento en popa a toda vela e xa se consideraban os reis do mambo, veñen de comprobar como Perdido lles gaña pola esquerda. O novo Presidente do goberno do Estado, que deslumbrara ao mundo político e non político cun ramallo de ministros de grande nivel, atopouse, así de pronto, en apenas uns días, que o novo Ministro de Cultura e Deportes estaba manchado. Culpable: a Facenda, quen senón.

Coma un lóstrego, apenas presentou a dimisión o tal ministro collido nas patacas, en cousa de horas xa tiña o sustituto que, a dicir dos enterados no tema é, como din os nosos amigos portugueses, un gaxo porreiro.

Por hoxe imos rematar aquí. Todo o que ocorreu nos últimos días hai que dixerilo con calma. Esperar acontecementos que de seguro chegan de inmediato. Entón será cando llelos contemos con máis detalle. Por hoxe, sexan felices.

NOVAS de TURONIO

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O PP preguntará sobre a instalación dunha terraza enriba do Parque de A Perillana

Estes días recibíronse multitude de queixas por parte dos veciños da zona de A Perillana porque se levantaron un día e enriba dos xardíns que están no Parque de A Perillana, aparecía instalada a terraza dunha cafetería da zona.

Segundo información facilitada polo oficial da Policía, existe autorización á instalación desa Terraza no lugar no que está, por parte da Tenente Alcalde, Chus Garrote, cousa que parece sorprendente porque ante a denuncia feita polos propios veciños o Sr Alcalde, presuntamente díxolles que non é posible que teña autorización.

Dende o Partido Popular presentaremos un escrito no Concello para que se nos aclare si existe ou non autorización para a instalación desa Terraza,



e quen a concedeu, porque a ordenanza municipal que está en vigor en ningún caso contempla a posibilidade de instalación de mesas e sillas enriba do cesped dos diferentes xardíns municipais.

Parécenos unha irresponsabilidade enorme que por parte dalgún membro do goberno se autorizase a colocación de mesas e sillas enriba dun xardin,

dañando o cesped e tirando pola borda o pouco mantemento que xa está facendo o Goberno municipal dos xardíns en xeral.

Tamén o PP pedirá que se explique, no caso de que non haia autorización, como é que a día de hoxe non actuaron ordenando a súa retirada cando xa foi denunciado polos veciños ante o alcalde.

ACIP critica o estado actual e a toponimia do Regato da Venda

ACiP denuncia unha vez máis a falta de compromiso por parte do goberno municipal e cumprir cos acordos plenarios, neste caso no relativo á toponimia e o estado en que se atopa o Sendeiro do regato da Venda; camiño que empeza na piscina municipal e chega a Canedo.

O primeiro incumprimento fai referencia á propia denominación do regato. No seu momento ACiP presentou unha moción, tanto ao anterior como ao actual goberno municipal, esixindo que se respectase a toponimia da zona; e é que se lle puxo un nome ao regato que non é o seu, o da Venda. A actual concelleira de cultura comprometeuse a facelo, non sendo así ata o momento... e xa pasaron tres anos á fronte do concello.

Pero a situación vai máis aló, pois o estado en que se



atopa tanto o propio carreiro como o parque infantil que alberga, demostran a falta de atención por parte do goberno municipal. Fai máis dun ano distintos actos vandálicos deixaron practicamente inservíbles as randeiras e demais elementos para a diversión e seguridade dos nenos. Un ano despois seguen no mesmo estado. O concello tivo tempo dabondo para repoñer os elementos esnaquizados e establecer as medidas necesarias

para evitar que esta situación volva repetirse..

Por iso ACiP pregúntase: existe alguén que revise esta situación, que vele pola seguridade de todos e polo mantemento no municipio?, no concello están a esperar a que ocorra unha desgraza? Por iso esiximos que se tomen medidas urxentes para corrixilo.

Juan Carlos González, portavoz municipal de ACiP, insiste en que "o actual goberno municipal vive da propaganda.

O PP defende o aparcadoiro soterrado na praza da igrexa

Os populares instan ao goberno local mediante unha Moción o cumprimento dun acordo plenario do ano 2009 sobre a necesidade dun aparcadoiro soterrado na Praza de Bugallal.

Din os populares que no ano 2008 o Pleno da Corporación aprobaba por unanimidade a proposta do goberno, daquela do PP, "someter a información pública o Estudo de Viabilidade da construción e posterior explotación dun aparcadoiro soterrado na Praza de Bugallal e rúas anexas".

No mesmo ano 2009 o pleno acordaba por "unanimidade" aprobar definitivamente o "Anteproxecto de construción da obra Aparcadoiro soterrado na praza Bugallal e rúas anexas", así como o expediente completo de contratación que rexería a adxudicación do Finalmente uns meses despois o pleno "declaraba deserto o proce-



demento de adxudicación do contrato de concesión de obra pública para a construción dun aparcadoiro soterrado na praza Bugallal e rúas anexas" ao non presentarse ningunha oferta.

Agora despois varios anos o novo goberno decide convocar un concurso de ideas para a reforma da praza de Bugallal sen ter para nada en conta o parking soterrado da praza Bugallal que eles mesmos esixían anteriormente, parking que por suposto segue recollido no PXOM aprobado provisionalmente. Parece que agora pretenden solucionar o problema do estacionamento no centro con parkings periféricos como parece ser o de "Granitos".

Vehiculos municipais sen seguro obligatorio

Segundo Alternativa Ciudadana Independiente de Ponteareas (ACIP) isto non é algo raro senon algo habitual.

O último caso ocorría o pasado 19 de abril cando a policía local, nun dos seus controis habituais, descubriu que o tractor municipal destinado ás rozas non contaba co seguro obrigatorio ao día. A sanción que se tramitou a Tráfico é de 800 euros. Quen a vai pagar? O Sr. Alcalde do seu peto?, pregúntase Juan Carlos Carrera voceiro de ACIP. Entende que aquí non hai só responsabilidades ad-

ministrativas senon tamén políticas. Pregúntase "que pensará a concelleira de seguridade respecto diso, porque supoñemos que estará totalmente en contra deste tipo de actitudes e de incumprimentos por parte do goberno municipal do que forma parte. Alguén terá que asumir responsabilidades por estes feitos. É vergoñento ver como un vehículo municipal e parado e sancionado pola propia Policía Local.

É este o goberno moderno e competente que temos? Pregúntase o concelleiro de ACIP.

Mondariz acolle, o 14 de xullo, o 'Desafío Mondariz Race' para nenos e nenas

Será a primeira carreira de obstáculos que se organiza en Galicia para a franxa de idade dos 4 a 18 anos

A praia do Val de Mondariz e o sendeiro fluvial, acollerán o vindeiro 14 de xullo, o 'Desafío Mondariz Race', unha carreira de obstáculos dirixida a nenos, nenas, mozos e mozas con idades comprendidas entre os 4 e 18 anos. Será a primeira proba destas características que se organiza en Galicia para esa franxa de idade.

Organizado por Die-semm Eventos e coa colaboración do Concello de Mondariz e Deputación Provincial de Pontevedra, este tipo de actividades coñecidas como jump and run (salta e corre) contan cunha grande aceptación nos lugares onde se celebran, xa que combinan o deporte e a diversión, con probas adaptadas para as franxas de idade dos e das participantes.

Para esta primeiro 'Desafío Mondariz Race', a organización vén de establecer as seguintes categorías:

Biberón, para nenos e nenas de 4 e 5 anos de idade, que terán que superar entre 6 e 8



obstáculos nun percorrido de 500 metros; prebenxamíns, para aqueles e aquelas con idades de 6 e 7 anos, con 800 metros de percorrido e de 6 a 8 obstáculos; benxamíns, para as idades de 8 e 9 anos, cun percorrido de 1,000 metros e 8-10 obstáculos.

Doutra banda, a categoría de alevíns, nenos e nenas de 10 e 11 anos e de infantis, para participantes con 12 e 13 anos de idade, terán o mesmo circuito de 1.500 metros e de 10 a 12 obstáculos que salvar.

Os e as cadetes, (14 e 15 anos)terán que facer fronte a un percorrido de 2.000 metros e salvar de 12 a 16 obstáculos e, finalmente, a categoría de xuvenís, na que competirán mozos e mozas con idades de 16, 17 e 18 anos, terán que afrontar entre 15 e 20 obstáculos nun circuito que pode variar entre os 2.000 e 3.000 metros.

Os e as participantes inscritos estarán cubertos por unha póliza de seguros de responsabilidade civil y accidentes e, amais, a seguridade dos máis pequenos estará garantida xa que cada participante levará unha

pulseira identificativa co seu número e dorsal, e as nais, pais ou persoas responsables dos menores, levarán unha pulseira igual co número que lle corresponda ao neno o nenas, que será imprescindible para a recollida dos menores na meta.

Para máis información sobre a proba e para realizar a inscrición, interesados e interesadas poden dirixirse á web:

<https://championchipnorte.com/evento/detalle/id/1494/desafio-mondariz-race-2018>

I Encontro de Corais en Arbo

A Coral Polifónica de Arbo, organiza coa colaboración do Concello de Arbo, o I Encontro de Corais.

A actividade terá lugar o vindeiro domingo día 17 de xuño ás 19.00horas no Auditorio Segundo Gil Davila. As Corais participantes ademais da Coral de Arbo, organizadora do evento, é a Coral Polifónica San

Roque de Vigo e a Coral Polifónica Municipal de Monforte.

A Coral Polifónica de Arbo foi fundada no ano 1996,coa finalidade de contribuír a difusión do canto tradicional e popular na súa mais pura esencia, creando un vencello de unión con outros pobos e outras culturas, contando sempre co apoio do Concello de Arbo,

o cal esta Coral representa dentro da súa humildade coa maior satisfacción. Esta composta por 35 voces mixtas. Son moitos os certames nos que participaron e premios acadados. A Coral Polifónica de Arbo, acaba de participar na VI Mostra de Habaneras de Arevalo, organizado pola Coral La Moraña.

Remata a mellora do acceso a igrexa de Arbo

O concello de Arbo, recibe unha subvención a través da Consellería de Medio Rural – AGADER, de concesión de axudas correspondentes ao Plan Mellora de Camiños Municipais

con destino a execución da actuación denominada "Mellora e pavimentación do acceso a Igrexa de Santa Maria de Arbo" con orzamento de 53.538,87, estimándose o prazo de execución do contrato en tres meses a contar dende a sinatura da acta de comprobación do planeamento.

As obras que se levarón a cabo consistiron en reparación do muro existente enfrente da Igrexa, repoñendo pedras caídas e realizando as obras de vaciado e compactado de trasdós, reparando tubería de abastecemento e colocación de tuvería nova. Colocación de recollida de pluviais e colocación de balastrada na zona do muro. Canalización de pluviais, colocación de tuverías e arquetas, colocar sumideiros e conectar a servizos existentes. Pavimentar as zonas afectadas polas obras e lim-



peza e reparación do arcen e pintado de beirarúa para uso de peons.

Según manifesta o Alcalde, Horacio Gil, con estas actuacións, o concello de Arbo, pretende seguir na mesma liña que leva adoptando dende a súa chegada o goberno, de mellorar os servizos en infraestruturas e camiños municipais, para facilitar os veciños e veciñas de Arbo unha maior comodidade no uso dos mesmos, así mesmo xa se desenvolveron obras varios obras en todas as parroquias. Mellora de Camiño de Rial e Cotiño, mellora camino de Merelle e Fontan, obras en Poste Barcela, obras en Mellora na Rúa Antonia Tovar, os camiños de Laguallo e Devesa, mellora estrada Couto – Paravedra, estrada Rocha-Cabeiras, Camiño Rasela, mellora camino Teimende, así como outras pendent para este ano.

Torneo de Fútbol Sala "Vila de Arbo"

O Concello de Arbo organiza un ano máis o Torneo de Fútbol Sala "Vila de Arbo".

O Torneo é totalmente amateur e terá lugar no pavillón municipal de Deportes de Arbo. A duración do torneo será en función dos equipos inscritos, xogándose a final o sábado 28 de xullo de 2018.

O prazo de inscrición remata o venres día 22 de xuño de 2018, ás 14:00 horas ou unha vez están cubertas as 24 prazas de equipos inscritos. O prezo de inscrición e de 75 € por equipo. Ademais dos trofeos haberá premios en metálico, gañando os tres primeiros 1100, 600 e 300 euros respectivamente.

O PORRIÑO

125 porriñeses/as traballan grazas aos programas de emprego do Concello



Os programas 'Porriño Accede' e 'Plan de Emprego para Mulleres (PIEM)', postos en marcha pola Concellería de Emprego, Servizos Sociais e Igualdade, que dirixe Soledad Girón, conseguiron que un total de 125 porriñesas e porriñeses estean xa traballando.

No que vai deste 2018, os 14 convenios asinados polo Concello con outras tantas empresas de automoción, loxística, mantemento ou distribución, fixeron posible que, ata o mes de maio, 46 persoas asinasen un contrato laboral, o 73% das 66 que participaron neste programa dende o 1 de xaneiro.

O ano pasado 67 persoas

atoparon traballo logo de ter participado en 'Porriño Accede', o que representa o 55,8% de todas e todas as persoas integradas no mesmo, unha proporción que no caso das industrias do sector da automoción é do 73,3% -con 55 insercións de 75 alumnas e alumnos-.

Polo que atangue ao 'Plan de Emprego para Mulleres (PIEM)', está dirixido este ano a un total de 85 porriñesas en situación de desemprego, especialmente, mulleres novas, menores de 30 anos e sen cualificación profesional.

Como resultado do mesmo, o mes de abril, 11 delas comezaron a traballar como soldadoras na planta de Viza Au-

tomoción no Porriño, que conta cun plantel de 500 persoas e subministra os seus produtos a importantes grupos automovilísticos. Outras 12 persoas demandantes de emprego, das 16 que iniciaron as súas prácticas, están traballando en Gestamp grupo internacional adicado ao deseño, desenrolo e fabricación de compoñentes metálicos para o automóbil.

Por segundo mes consecutivo, O Porriño liderou, xunto con Vigo, a creación de emprego na Área Metropolitana de Vigo. A finais do mes pasado había na vila 1.496 persoas sen traballo, 104 menos que a 30 de abril, no que se rexistraron 1.600.

Alcaldesa e veciños de Contrasto reúnen coa Confederación Hidrográfica

Alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, xunto coa concelleira de Seguridade, Lourdes Moure, e veciños da 'Zona Cero' do Contrasto mantiveron o venres día 8 unha xuntanza en Ourense co presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, coa finalidade de tratar, entre outros temas, a situación actual das vivendas deste lugar que apareceron refugallos de lindano, e entremediar en relación co selado dos pozos das mesmas.

Francisco Marín escoitou os argumentos dos veciños e as explicacións da alcaldesa, quen solicitou que a Confederación Hidrográfica non procederá a selar os pozos ata

que non se rematasen as obras que van a levar a rede de abastecemento de auga ata todas as casas do Contrasto.

Marín amosou o seu interese polas opinións que se lle expuxeron e expresou a súa conformidade a que aqueles veciños que non teñan problemas coa calidade da auga, poidan legalizar os seus pozos.

Rematada a reunión, a alcaldesa convocou unha xuntanza con todas as veciñas e veciños o martes, día 12, ás 8 e media da tarde, na Asociación San Salvador de Torneiros, para "explicarlles polo miúdo o contido da reunión co presidente da Confederación Hidrográfica, escoitar as súas propostas e respostar ás súas preguntas".



Empezan as obras de abastecemento de auga ao barrio do Contrasto

Preto de 350.000€, que son sufragados na súa totalidade polo Concello, son os que se investirán en levar a rede municipal de abastecemento de auga ao barrio do Contrasto, en Torneiros.

As obras, que se axustan exactamente ás instrucións da Dirección Xeral de Saúde Pública, dependente do Goberno de Galicia, comezaron esta mesma semana e, segundo salientou a

alcaldesa, Eva García de la Torre, estarán rematadas no prazo de 3 meses o cal suporá que a finais do verán "todas as vivendas desta zona do Porriño terán auga da traída".

García de la Torre cumpre deste xeito o compromiso, persoal, que asumira coas veciñas e veciños afectados logo da aparición de refugallos de lindano, tal e coma asegurara nas diferentes xuntanzas que mantivo

con eles ao longo dos meses pasados.

O Concello, lembra a alcaldesa, asumiu ata hoxe a totalidade dos custos das accións que se levaron a cabo no Contrasto: o subministro de auga para o consumo diario, a colocación nas vivendas afectadas depósitos de 1.000 litros -nalgun caso ata dous- "que se enchén cando o demandan as veciñas e veciños"; a contra-

tación dos servizos dunha empresa especializada en tratamento da terra na que apareceron restos de lindano, "segundo as indicacións, criterios e normas do Servizo de Xestión de Residuos e da Administración Autonómica", ou o dobre asfaltado da zona na que se realizaron as obras do saneamento no seu día.

Polo que respecta ao proxecto para levar a rede municipal de saneamento ata O Contrasto, o Consorcio de Augas do Louro, do cal a alcaldesa do Porriño é a presidenta, rematara o mesmo no pasado mes de decembro, apenas un mes despois de que aparecesen os restos do lindano, e presentouse á Xunta para a súa avaliación e autorización.

LOURIÑA

O PORRIÑO

A alcaldesa presenta unha querela por calumnias contra La Voz de Galicia

Alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, presentará unha querela por un delito de calumnias contra o diario 'La Voz de Galicia' e o xornalista autor da información publicada no mesmo, este sábado día 9 de xuño, que ten coma titular "El gobierno de O Porriño vuelve a contratar a dedo al asesor que motivó la condena de Francés".

García de la Torre subliña que "o contido desta publicación é claramente constitutivo dun delito de calumnias dado que imputa ao Goberno local e aos seus membros a comisión dun delito de prevaricación" ao asegurar que fixo unha contratación "a dedo".

Neste procedemento, enfatiza a alcaldesa, seguiu exactamente o establecido pola Lei de Contratos do Sector Público: a decisión pasou, primeiro, por unha mesa de contratación integrada polo secretario do Concello do Porriño, unha delegada do interventor do mesmo, a arquitecta municipal, a propia alcaldesa e unha funcionaria municipal que actúa de secretaria da mesa e levanta acta da reunión.

Neste caso, en concreto, houbo catro ofertas iniciais, unha das cales foi desbotada por non presentarse seguindo o procedemento regulamentado, considerándose as outras tres. Unha vez sometida á mesa de contratación, a proposta da mesma trasladouse á Xunta Local de Goberno, órgano na que a alcaldesa delegou, "dende o comezo do mandato do actual Goberno local", as competencias para decidir sobre licencias de construción, licencias de actividade, expedientes sancionadores de Urbanismo e Medio Ambiente e contratación, de-



cisións ás que "invitei a a participar cando cheguei á Alcaldía ao resto dos grupos políticos da Corporación".

É a Xunta Local de Goberno, na que intervéñen así mesmo o secretario do Concello dando fe, e da que se levanta acta, coma se fai na Mesa de Contratación, a que toma a decisión final da adjudicación.

Todo o procedemento "é totalmente público" e calquera persoa o pode consultar tanto no propio Concello coma, de xeito inmediato, na plataforma dixital de 'Contratos Públicos de Galicia', "algo que á posible facer nuns minutos dende calquera lugar cun ordenador, unha tableta ou mesmo un

teléfono móbil".

Á vista disto, a realidade é que o xornalista "podendo ter acceso á totalidade do expediente, preferiu non contrastar a información e imputar ao Goberno local a comisión dun delito doloso, saltándose a verdade e sabendo que o facía", subliña Eva García de la Torre quen engade, que a intencionalidade desta calumnia é aínda máis evidente considerando que este 'informador' decidiu publicar este artigo "a pesares de que posto en contacto telefónico comigo expliqueille polo miúdo, e paso a paso, todo o procedemento".



Web Contratos Públicos de Galicia cos datos do procedemento de contrato

Candidatura ao proxecto LIFE da UE para o tratamento do lindano

O Concello do Porriño, xunto á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático do Goberno de Galicia, vén de presentar a candidatura ao proxecto 'LIFE- Phytomanagement of peri-urban soils contaminated by lindane residues' ('Fitomanexo de chans periurbanos contaminados con residuos de lindano'), da Unión Europea.

O mesmo, no que participan a Universidade de Santiago de Compostela (USC), o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, ten coma obxectivos conseguir fondos e colaboración da Unión Europea para o tratamento, mediante 'fitorremedación' dos terreos do Porriño contaminados por lindano; redacción dun protocolo de alerta temperá nos casos de detección de refugallos de lindano; xestión integral dos solos contaminados por estes refugallos; elaboración dun mapa preciso de detección de lindano en zonas periurbanas, ademais dunha xestión colaborativa na planificación urbana dos chans remediados.

A alcaldesa, Eva García de la Torre, que dende o primeiro intre asumiu a xestión e dirección das xestións feitas dende o Concello para atender ás veciñas e veciños do Concello afectados pola aparición

de lindano, vén de asinar "o meu compromiso e o do Goberno local de contribuír, coma ata o dagora, cos medios necesarios para a posta en marcha deste proxecto, facilitar o acceso aos especialistas para que poidan traballar en terreos municipais, axilizar a tramitación de permisos e impulsar o tratamento da terra contaminada".

As actuacións contempladas na candidatura deste proxecto LIFE, abranguen a caracterización hidroxeolóxica do terreo, a perforación e instalación de 'piezómetros' nas áreas seleccionadas coa finalidade estudar a calidade da auga subterránea, a aplicación de técnicas de fitorremediación e biorremediación, o seguimento da calidade do chan e da auga, con especial atención a os seus servizos eco-sistémicos e o seguimento do control do contaminante e a súa capacidade de biodegradación.

Doutra banda, dentro deste plan haberá unha replanificación, que será consultada coas partes interesadas, para reorientar o uso dos terreos recuperados, elaborarse unha guía de orientación para veciños e propietarios sobre a contaminación por lindano e os resultados de todos os estudos se presentará, ademais de aos afectados, no Porriño, en seminarios nacionais e internacionais.



O que
hai que
ver !

todocondado.com

SALCEDA

O Xulgado autoriza o pago a provedores bloqueado polos grupos da oposición

O Xulgado Contencioso Administrativo Nº3 de Pontevedra ven de homologar o acordo transaccional acadado entre o Concello de Salceda de Caselas e a Asociación de Provedores, que vai permitir o pagamento dos 309.554,89 € bloqueado ata o de agora polos grupos da oposición de Salceda (PP e PSOE).

A Asociación de Provedores/as do Concello de Salceda de Caselas, logo da negativa de PP e PSOE para aprobar as súas facturas ata en dúas ocasións, tivo que presentar un recurso contencioso administrativo reclamando o cobro das súas débedas o pasado 10 de abril. O 15 de maio chegábase a un acordo transaccional entre o Concello e a Asociación de Provedores, para que o pagamento do adebedado puidese facerse canto antes, presentando dito acordo ante o Xulgado o 16 de maio. Tan só uns días despois, o 21 de maio, a xuíza encargada do caso emitiu a homologación do acordo transaccional, autorizando ao Concello para realizar o pago das facturas



pendentes. Ponse así fin a un longo camiño de bloqueos por parte dos grupos da oposición (PP e PSOE), que viñan impedindo cos seus votos que os provedores e provedoras puidesen cobrar polos traballos xa realizados, tal como acontecera xa no ano 2016. O acordo entre as partes vai supoñer o aforo dos xuros de demora e as custas xudiciais.

Dende o Equipo de Goberno de Salceda (Movemento Salceda) lamentan que a cuestión tivese que rematar por vía xudicial unha vez máis “polo afán de bloqueo da acción de Goberno por parte de PP e PSOE” Así mesmo, agradeceron a con-

fianza dos provedores e provedoras “a pesar da actitude irresponsable do PP e o PSOE”. O Alcalde, Marcos Besada, manifestou que “PP e PSOE queren gobernar o Concello dende a oposición e basean a súa laboura de oposición na acción de bloqueo ao Goberno. O que fixeron cos provedores e provedoras do Concello por segunda vez foi verdadeiramente surrealista, impedíndolles cobrar polos traballos realizados, e empregándoos como chantaxe ante o Equipo de Goberno. A Xustiza, unha vez máis, avalou a reclamación dos proveedores e provedoras, como non podía ser doutro xeito”.

Guillermo Meijón reivindica en Salceda a unión dos colectivos para defender a educación

Os socialistas de Salceda puxeron o foco na deficiente situación da educación en Salceda, despois de que o goberno da Xunta de Galicia anunciase unha ampliación do CEP Altamira que Verónica Tourón tilda de “totalmente insuficiente”.

Na reunión á que asistiron máis de medio centenar de persoas e representantes de varios colectivos salcedenses, tratáronse diferentes temas relacionados coa deficiente situación que están a padecer, a xuízo das concelleiras socialistas, os nenos e nenas da vila: “instalacións insuficientes e deficientes, falta de ensino postobrigatorio, transporte a concellos limítrofes para acceder a ciclos e bacharelato, etc.”

Gela Ledo, afirmou que “os nenos e nenas de Salceda teñen que acceder ó comedor en igualdade de condicións, e ten que existir este servizo para todos e todas, non se poden discriminar de ningún xeito e non podemos conformarnos con que a Xunta nos prometa uns contenedores que non sabemos cando, nin ata cando, van a estar para dar este servizo”

Por outra banda, a voceira socialista confirmou que van instar a que a Xunta, a través do concello e do Parlamento

de Galicia, presente un plan a medio prazo para arranxar esta situación, xa que, “non podemos conformarnos con parche tras parche, que fai que esta situación sexa insostible e vaíamos padecendo recortes cada vez máis profundos, pasando por exemplo de dispor de dous colexios de primaria nos anos 80 a ter agora un só, non que se foron reducindo máis aulas das que agora nos ofrecen”. “Non somos os veciños de Salceda cidadáns de segunda, e non podemos conformarnos coa ampliación de catro aulas e o servizo de comedor en contenedores provisionais, cando hai concellos das nosas dimensións que teñen varios colexios de primaria, ciclos e bacharelatos”

Na reunión o Deputado e Vicepresidente da Comisión de Educación no Congreso dos Deputados, Guillermo Meijón, que foi ademais mestre en Salceda nos anos 80, sinalou que a solución pasa porque os diferentes colectivos de Salceda se unan e traballen para facer fronte a esta situación. E que o problema non se atopa en que a situación actual sexa esta, se non que, se descoñece un plan a medio prazo da Xunta de Galicia para paliar estas deficiencias.



REFORZO ESCOLAR · IDIOMAS · TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA · TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS MATRÍCULA GRATUÍTA
CENTRO DE ESTUDIOS

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - Tº B
☎ 654 07 57 51

MISCELANEA

Ana Miranda: “Que A Coruña e Vigo estean incluídas no corredor atlántico era lóxico desde o minuto cero”

A eurodeputada do BNG, Ana Miranda, fixo unha primeira valoración do comunicado da Comisión Europea no que lle confirma persoalmente a proposta de anexión de A Coruña e Vigo no denominado Corredor Atlántico de Redes Europeas de Transporte. “Que as cidades de A Coruña e Vigo estean incluídas neste corredor era o lóxico desde o minuto cero”, subliñou ao respecto.

“Era un esquecemento moi grande deixar os portos de Vigo e A Coruña fóra da rede con graves repercusións económicas para Galiza”, destaca a eurodeputada do BNG, que afirma que esta emenda vén dada pola presión feita desde hai anos despois de que o Estado español se esquecera de incluílas na rede. Non figurar na rede transeuropea de transporte significaba estar nunha pésima posición á hora de impulsar a economía,

Oportunidades perdidas
Ana Miranda lembra que,



desde que ela defendeu a inclusión de Vigo e A Coruña nesta rede no ano 2013, - na súa anterior etapa como eurodeputada-, o goberno do PP decidiu investir noutros territorios, mais non en Galiza, “deixando pasar moitas oportunidades que até agora foron oportunidades perdidas”.

Precisamente, tres das numerosas emendas presentadas no Parlamento Europeo para o período de financiamento

2014-2020 referíanse á inclusión do porto de Vigo na rede nodal de portos europeos, a modernización da liña Vigo-Porto e a inclusión do noso territorio ao Corredor Atlántico de transporte de mercadorías por ferrocarril. Unha das emendas aceptadas foi a conexión do ramal de Palencia aos portos e plataformas intermodais de Vigo e A Coruña, para que o Estado o cofinanciase con fondos europeos.

O BNG-AA esixe a dimisión do alcalde de Baiona

O BNG-AA considera un fraude facer uso do dereito de contratación de persoal de confianza cando queda demostrado que non se fai uso correctamente.

A sentenza dá por probado que Ángeles Silva, nomeada como persoal de confianza polo Sr. Alcalde, exercía tarefas propias dunha traballadora administrativa do concello e non tarefas de persoal de confianza, corrompendo o servizo polo que se orixina este posto, que é o de asistencia á Alcaldía en cuestións estrictamente políticas e administrativas que non poda atender a Alcaldía de primeira man. Xa que logo, o Alcalde non viña precisando deste persoal de confianza e o estaba a empregar para assimilar a unha militante do PP e exconcelleira como persoal laboral do Concello e sin pasar por ningún proceso de selección previa máis que o desdismo do Partido Popular.

A consecuencia desta nova nefasta xestión do Partido Popular de Baiona é un coste de 9.000 € para as veciñas e

veciños e a creación dun posto de traballo que, segundo os criterios do propio equipo de goberno do Concello non era preciso, feito que vén constatado pola súa ausencia no proxecto de RPT que presentara o Goberno Municipal.

Xa que logo, o BNG-AA esixe a dimisión inmediata do Alcalde de Baiona, Ángel Rodal, debido a que a súa incompetencia ten provocado un gastos innecesario ás arcas municipais e a obriga de crearse unha praza laboral sin os criterios mínimos de transparencia. Non cabe dúbida ademais que no conxunto da sociedade baionesa está a instaurarse unha dúbida razoábel de que todo este proceso non obedece máis que a unha estratexia de colocación a dedo sin ningún tipo de transparencia.

O BNG-AA tamén se reserva a opción de poñer en coñecemento das autoridades xudiciais que tivesen competencias para o estudo dun posíbel comportamento fraudulento no exercicio dos cargos públicos.

Acción solidaria de QPC con Angola

Máis dun cento de pares de botas e unha boa bolsa de balóns viaxan a Angola, para que dúas de rapaces do país africano poidan disfrutar do seu deporte favorito nunhas mellores condicións.

Despois de varias semanas de colleita, Que Pasa na Costa (QPC), xornal que como o noso pertence a asociación de medios

en galego, aproveitou a visita do club AFA Angola ao Trofeo Luís Calvo de Carballo para facer a entrega, que simbolizaron os rapaces da sub.12 da Costa, da Amarela, que tamén disputan o torneo. Ambos conxuntos botaron unha foto de confraternización con todo o material.

Á iniciativa solidaria uníuse a Cruz Vermella de Vimianzo, así como as Escolas Luís Calvo.



TUI

O Concello de Tui encargará un estudio de xestión de residuos na zona cero

O Concello de Tui encargará un estudo de xestión de residuos da zona afectada pola explosión de material pirotécnico acontecida o pasado 23 de maio no barrio da Torre en Paramos. Así foi acordado na reunión de coordinación celebrada no Centro de Afectados coa participación de representantes do Concello de Tui, a Deputación de Pontevedra, a Xunta de Galicia, e a Plataforma de Afectados.

Ao remate da xuntanza o alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, indicou que este estudo de xestións de residuos será o que se teña en conta para poder solicitar ofertas as empresas interesadas en realizar



o desentullo da zona. Sinalou o rexedor que será un proceso complexo con moitas implicacións tanto medioambientais coma urbanísticas.

Tamén se deu a coñecer que o Concello vai contratar ao arquitecto Rubén Vázquez coma xerente para xestionar todo o vinculado con esta

catástrofe no eido urbanístico, coordinar a atención urbanística aos afectados e as actuacións entre as distintas administracións. Nese senso tamén se está a traballar para poder dotar de máis persoal ao gabinete urbanístico no centro de afectados con contratacións interinas.

Un experto en seguros asesorará aos afectados pola explosión de Paramos

A partir do xoves día 14 un avogado experto en seguros, contratado polo Concello, asesorará aos afectados nas tramitacións e reclamacións ante as súas compañías de seguros. Atenderá aos interesados os martes e xoves de 16 a 20h no Centro de Afectados. É preciso que para realizar a súa consulta os afectados leven a póliza do seguro.

Lembramos que o Centro de Afectados, no Centro Municipal de Formación en Guillarei, abre de luns a venres de 10 a 14h e os martes e xoves de 16 a 20h.

Listaxe de empresas e técnicos interesados en participar nos labores de reconstrución

Lista de empresas para a reconstrución

Por outra parte para poder facilitar aos afectados que o desexen unha listaxe con técnicos e empresas interesadas en realizar os labores de reconstrución e rehabilitación das edificación danadas pola explosión do pasado 23 de

maio, dende o Centro de Afectados estanse a confeccionar unha serie de listaxes nas que se poden inscribir as empresas e profesionais interesados.

Por unha banda as empresas interesadas en figurar na listaxe deben enviar un correo a urbanismo.afectados@concellotui.or g onde figure o nome da empresa, persoa de contacto, enderezo, teléfono e correo electrónico, así coma unha pequena descrición dos traballos que realizan. A listaxe completa, que se irá actualizando diariamente, será facilitada aos afectados que o soliciten.

Por outra parte dende a xerencia urbanística da catástrofe solicitouse aos colexios oficiais de arquitectos e arquitectos técnicos unha listaxe dos seus colexiados interesados en realizar as memorias valoradas que precisan os afectados para a solicitude das subvencións. A relación destes técnicos será tamén proporcionada aos afectados que a soliciten.

Tui rende homenaxe a Danny Sheehy falecido hai un ano cando navegaba polo Miño

A cidade de Tui ao poeta irlandés Danny Sheehy", escrito en galego, irlandés, castelán e inglés, é a mensaxe que reza na placa de bronce situada na fachada do edificio do club Náutico San Telmo que foi descuberta esta tarde nun acto de homenaxe ao poeta falecido en xuño do ano pasado cando realizaba o Camiño de Santiago en barco de remo, e se dirixía cara Tui cando sufriu un accidente na desembocadura do Miño.

O acto de homenaxe, organizado polo Concello de Tui, contou coa presenza da súa viuva Mary e dos seus fillos Cormac e Órla, xunto a un bo número de amigos do poeta chegados dende Irlanda, así coma do cónsul honorario de Irlanda en Ferrol, Tomás Antón Díaz del




Río, o concelleiro de Cultura, Eduardo Freiría, e o alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín.

Corman Sheehy agradeceu a celebración deste acto en memoria do seu pai, indicando que un acontecemento coma o que tivo ten tamén cousas fermosas coma este homenaxe. O consul honorario de Irlanda en Ferrol, Tomás Antón Díaz del Río sinalou coma desafortunada-

mente o poeta "atopou a súa viaxe final aquí" ao tempo que lembrou as similitudes entre Galicia e Irlanda.

Sete membros da banda de gaitas Lembranzas da Terra de Guillarei ofreceron unha peza celta e outra galega. E tras o descubrimento da placa amigos de Danny Sheehy interpretaron unha canción irlandesa, e un amigo recitou un dos poemas do escritor falecido.



BAIXO MIÑO

A GUARDA

Alumnado de FP do IES A Sangriña realiza as súas prácticas académicas en Lisboa

Un total de 10 estudantes e 2 docentes participan no proxecto de mobilidade europea no marco do programa Erasmus+.

O alumnado de Formación Profesional (FP) do IES A Sangriña está a participar no programa Erasmus+ coa realización das súas prácticas académicas en Lisboa.

Un total de 10 alumnas e alumnos de FP permanecen dende abril no país veciño, co obxectivo de adquirir novas ferramentas profesionais complementarias á súa formación académica, ao tempo que se familiarizan e integran no mercado laboral europeo.

Segundo explica a coordinadora do proxecto, Teresa Álvarez, a celeridade das transformacións socioeconómicas

faí necesario «que o alumnado poña en práctica os coñecementos específicos das súas especialidades en contexto diferentes aos habituais», adaptándose á realidade laboral internacional.

Os estudantes foron seleccionados seguindo criterios académicos e atendendo ao seu interese no proxecto e as súas competencias sociais e lingüísticas. Froito desta escolma, alumnas e alumnos do Ciclo Medio de Xestión Administrativa (Abigail Likos, Paula Vidal, Iván Rodríguez e Neftalí González), do Ciclo Medio de Electromecánica de Vehículos (Alejandro Rodríguez e Daniel

de Oliveira) e do Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes (Pablo González e Manuel Á. Silva) permanecen dende o 3 de abril no país veciño.

A súa estada prolongarase durante 80 días, nos que cursarán o módulo profesional de Formación en Centros de Trabajo (FCT) en empresas da capital lusa. Amais deles, dous alumnos da FP Básica de Mantenimento de Vehículos (Brian Rodríguez e Manuel Dorna) tiveron oportunidade de participar no proxecto cunha estada que comezou o 23 de abril e prolongarase durante 60 días nun centro de traballo relacionado coa súa especialidade formativa. Así as cousas, o alumnado retornará á Guarda o vindeiro 22 de xuño, tras meses de inmersión laboral e cultural no país veciño.



O proxecto de mobilidade europea incluíu nesta ocasión a participación de dous docentes, que realizaron un período de observación («job shadowing») nunha empresa portuguesa o pasado mes de maio. Durante a súa estada, dunha semana de duración, os mestres coñeceron o funcionamento e estrutura dun negocio luso e intercambiaron coñecementos sobre métodos pedagóxicos e laborais con responsables e traballadores.

Esta experiencia permitirá que «os estudantes que non participan no programa se be-

neficien dos coñecementos e a experiencia adquirida» tanto polos seus docentes como polos compañeiros e compañeiras participantes nesta inmersión no mercado laboral estranxeiro, explica Teresa Álvarez.

O instituto guardés participa no programa de mobilidade europeas Erasmus+ dende 2014. Ata o momento, téñense beneficiado preto de medio centenar de alumnos e alumnas das tres familias profesionais impartidas no centro, coa realización da FCT en países como Italia, Reino Unido e Portugal.

Obradoiro para a elaboración de vídeos curtos co móbil

Oficina Municipal de Información á Xuventude (OMIX) do Concello da Guarda impulsa un novo obradoiro de «vídeo nun minuto», no que se traballará a elaboración de pequenas montaxes audiovisuais utilizando o teléfono móbil.

As persoas participantes poderán adquirir os coñecementos necesarios para aproveitar a cámara do seu smartphone, gravando pequenas pezas de vídeo que posteriormente poderán editar e transformar nunha verdadeira montaxe audiovisual. O taller impartirase no Centro Cultural o 22 de xuño entre as 16:00 e as 20:00 horas.

O período de inscrición permanecerá aberto ata o 20 de xuño. As persoas interesadas en participar, poderán inscribirse de xeito presencial na OMIX, chamando ao teléfono 986 614 546 ou ben a través do correo electrónico informacion@aguarda.es. As e os participantes deberán levar o seu teléfono móbil, así como un cable con conector usb para descargar os vídeos nos ordenadores e proceder á súa edición.

O obradoiro de «vídeo nun minuto» é unha actividade organizada pola Consellería de Xu-



ventude do Concello da Guarda en colaboración coa Escola Superior Gallaecia.

Campamento urbán de verán

A Oficina Municipal de Información á Xuventude (OMIX) do Concello da Guarda impulsa unha nova edición do Campamento Urbano durante os meses de xullo e agosto e a primeira semana de setembro. Esta é unha actividade dirixida a nenas e nenos de 4 a 12 anos na que poderán realizar diversos obradoiros, xogos e outras actividades culturais e deportivas nun entorno educativo e de convivencia.

As actividades desenvolveranse nas instalacións do antigo colexio Sinde en horario de mañá (de 9:00 a 14:00 h), de luns a venres. O prezo de participación por persoa será de 60€ para aqueles que se incriban nun só mes, e de

80€ para aqueles que participen na totalidade do campamento (xullo, agosto e primeira semana de setembro). Estes últimos terán prioridade na adjudicación de prazas.

O prazo de inscrición permanecerá aberto entre os días 4 e 21 de xuño. As persoas interesadas en participar deberán entregar a folla de solicitude (descargable aquí), xunto coa documentación mencionada nas bases (descargables aquí), presencialmente no Rexistro municipal ou ben a través ou a través da Sede Electrónica do Concello da Guarda. Para máis información, poderán contactar coa OMIX no teléfono 986 614 546 ou a través do correo electrónico informacion@aguarda.es.

A GUARDA

O Concello organiza a XXIII Travesía a Nado Porto da Guarda

A tradicional Travesía a Nado Porto da Guarda chegará a súa vixésimo terceira edición o vindeiro 7 de xullo, coincidindo coa celebración da Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira (do 6 ao 8 de xullo). A proba deportiva admitirá a participación de persoas de todas as idades, tanto federadas como non federadas, con categorías feminina e masculina e 6 subcategorías por rangos de idade.

A travesía partirá do peirao ás 12:00 horas, con dous percorridos en función da idade dos participantes. Así, os rapaces e as rapazas de ata 11 anos realizarán un percorrido de 400 metros, namentres as persoas de 12 anos en diante percorreren unha distancia de 1.200 metros no interior do porto guardés.

O período de inscrición permanecerá aberto entre os días 11 e 29 de xuño. As persoas interesadas en participar poderán anotarse na proba a través da páxina web do Concello da Guarda,



premando na imaxe da XXIII Travesía a nado Porto da Guarda e cumprimentando o formulario enlazado.

Os menores de idade non federados deberán achegar unha autorización asinada polo seu pai, nai ou titor/a legal ao correo electrónico turismo@aguarda.es. Para máis información, poderán dirixirse á Oficina Municipal de Turismo, chamando ao

teléfono 986 614 546 ou ben a través do correo electrónico turismo@aguarda.es.

A XXIII Travesía a nado Porto da Guarda é un evento organizado pola Concellería de Deportes do Concello da Guarda en colaboración co Club de Remo Robaleira, o club Alagua, a Cofradía de Pescadores Santa Tecla e a empresa Río Verde motores forabordas.

“Camping Santa Tecla” gañador do Tapearte

A IV ruta gastronómica «Tapearte» xa ten gañadores. O día 12 realizouse na Casa do Concello o sorteo dun smartphone Samsung Galaxy 7J entre os «ruteiros» con 6 ou máis tapas degustadas.

Ademais, practícouse o relato das papeletas entregadas polos comensais, do que se inferiron os establecementos gañadores do Concurso da Mellor Tapa «Tapearte» 2018.

Entre os preto de 100 participantes, a premiada é Fina Peniza Baz, que poderá recoller o seu novo smartphone o vindeiro martes, 19 de xuño, ás 12:00 h na Casa dos Alonso. Xunto a ela, están chamadas as 44 persoas que, con máis de 10 selos no seu pasaporte, lograron como agasallo directo un lote de viño albariño da Adegas Lagar de Fornelos (O Rosal).

Premio á mellor tapa
O restaurante Camping Santa



Tecla foi o máis valorado pola calidade da súa preparación. As súas zamburiñas con alioli de allo negro, puré de piña e xamón mereceu a maior puntuación dos comensais, namentres a pataca rechea de tenreira galega, chutney de mirabeles e ovo de codorniz, elaborada polo restaurante Bitadorna, foi a tapa máis degustada.

Sobre «Tapearte»

A IV ruta gastronómica «Tapearte», organizada polo Concello da Guarda, celebrouse os venres sábados e domingos durante tres fins de semana consecutivos, do 18 de maio ao 3 de xuño, con tapas a un prezo único de 2€. Durante os 9 días de duración superouse a cifra de 3.500 tapas servidas nos 19 establecementos adheridos.



O curso de escapatismo de «EuRural» conclúe na Guarda con éxito de participación

Asistiron á formación 16 comerciantes, emprendedores e persoas desempregadas con interese no comercio de proximidade.

A Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste «EuRural» concluíu a pasada semana o seu programa formativo «O ben feito, ben parece» na Guarda, coa entrega de diploma aos participantes. O curso contou con 16 alumnas e alumnos, que se formaron durante 36 horas en técnicas de escapatismo, presentación de produtos, paquetería comercial e visual merchandising, completando as prazas ofertadas no municipio entre o 23 de maio e o 8 de xuño.

A formación dirixiuse tanto a os comerciantes e emprendedores do GDR 14 como a persoas desempregadas con



interese no comercio de proximidade. Nesta liña, o seu obxectivo é o de impulsar o crecemento e mellora do comercio local, ampliando os coñecementos relacionados coa venta e favorecendo, a un tempo, a xeración de novos postos de traballo.

«O ben feito, ben parece» continuará o seu itinerario formativo no concello de Nigrán durante o mes de setembro. O vindeiro ano, Tomiño e Mos acollerán o curso, no que poderá inscribirse calquera persoa que resida no territorio do GDR 14. As per-

soas interesadas poderán consultar a oferta formativa e inscribirse na páxina web da asociación.

Sobre «EuRural»

A Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste «EuRural» é a entidade encargada de levar a cabo no

territorio do GDR 14 (A Guarda, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, Porriño, Redondela, O Rosal, Tomiño e Tui) a Medida europea LEADER 2014-2020 para o desenvolvemento das zonas rurais.

O pasado ano, a asociación decidiu crear a Escola EuRural como unha ferramenta a través da que canalizar todas as accións formativas que se desenvolver no territorio. En 2018, impúlsanse dende a escola dous itinerarios formativos os itinerarios formativos para a poboación do rural: «O ben feito ben parece» e «Coas mans na masa». Este último céntrase na elaboración artesanal de conservas e chegará á Guarda en febreiro do próximo ano.

Vale de Poldros venera Santo António

Chamada pela imprensa nacional como “aldeia de un home só”, Santo António de Vale do Poldros, lugar de Riba de Mouro, concello de Monção, vai encher-se de persoas este fim-de-semana. Centenas de peregrinos vão subir ás brandas para venerar Santo António.

No sábado, día 16, o programa prevé o XVIII Encontro Regional de Tocadores de Concertina, pelas 14h00, arrematada de oferendas, pelas 15h00, e procissão de velas, pelas 21h30. Momentos muito participados pela população local e visitantes.

No domingo, día 17, com início às 11h30, realiza-se a missa e procissão solene, acompañada pelo Grupo Coral

“Santo António”, que percorrerá o caminho da branda. À tarde, a partir das 16h00, decorre a 10ª Grande Corrida de Cavalos, com provas de passo travado e galope.

Branda de Santo António

Durante a Idade Média, a economia agropecuária da região do Alto Minho desenvolveu-se, ganhando as práticas nómadas uma forte expressão. Assim, surgiram as brandas ou inverneiras, existindo ainda hoje vários exemplos deste tipo de povoados abertos em locais de montanha.

A Branda de Santo António de Vale de Poldros, na freguesia de Riba de Mouro, é um desses locais, tendo origens remotas. Localizada a meia encosta, a pouco mais de mil metros de altitude,

esta branda ergue-se sobranceira ao rio Vez, proporcionando fantásticas panorâmicas sobre toda a região.

Neste lugar, profundo e silencioso, encontrará um enorme número de cardenhas, construções rudimentares feitas totalmente em granito e xisto. Nos meses de Verão, estes espaços são ocupados por pastores e agricultores, sendo o piso inferior destinado ao gado e o superior à habitação.

Junto a estas cardenhas podemos também encontrar algumas moradias de veraneio, as quais foram aparecendo ao longo dos anos. Os mais antigos dizem que, em outros tempos, quem não conseguisse namorado/a nesta festa, ficaria sem namorar durante todo o verão.



PORTUGAL

Avança a 2ª fase de substituição de 2000 lâmpadas convencionais por LED

A Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira está a dar continuidade ao processo de substituição de toda a iluminação pública do concelho por lâmpadas com tecnologia LED. A 2ª fase de intervenção arrancou, esta segunda-feira, em mais sete freguesias para trocar 1859 luminárias. Até ao momento, o investimento é superior a meio milhão de euros, com recurso a fundos comunitários e parcerias.

Em 2015, o Município cerveirense deu o primeiro passo em prol da eficiência energética alargada a todo o território. A 1ª fase de substituição da IP para LED decorreu nas freguesias de Candemil, Gondar, Mentrestido, Nogueira e Sapardos, e nos dois polos industriais de Vila Nova de Cerveira. Foram substituídas cerca de 900 luminárias, fruto de uma candidatura lançada ao POVT pela autarquia cerveirense em parceria com a CIM Alto Minho, na ordem dos 200 mil euros, comparticipada em 85%.

Prossegue agora uma nova fase, financiada pelo Plano de Promoção à Eficiência no Consumo de Energia Elétrica (PPEC 2017-2018), tendo sido a única candidatura apoiada no Alto Minho. O investimento é de cerca de 350 mil euros, suportados pela Câmara Municipal



e a EDP Comercial – Comercialização de Energia, S.A., para as freguesias de Sopo, Gondarém, Loivo, Vila Meã, Campos, Cornes e Nogueira. Iniciada esta segunda-feira, a execução destes trabalhos deve estar concluída no final do mês de julho, perspetivando-se poupanças anuais na ordem dos 55 mil euros.

Para além de melhorar o serviço de iluminação pública em todo o concelho e de reduzir a fatura energética, esta aposta na tecnologia LED vem, de acordo com o autarca cerveirense, “dar resposta a um dos maiores anseios da população, aumentando o sentimento de segurança na via pública, com recurso a uma solução inovadora, económica e mais amiga do ambiente”. Fernando Nogueira sublinha que a poupança alcançada será reaplicada em benefício

das populações, mantendo a iluminação pública sem interrupções durante o período noturno.

A concretização destas duas fases abrange 12 das 15 freguesias (mediante o mapa administrativo anterior à reorganização), num total de 3000 luminárias substituídas, para uma poupança anual na ordem dos 80 mil euros na fatura energética. Entretanto, na freguesia de Covas e na EN 13, entre os limites do concelho (Vila Meã a Gondarém), a EDP Distribuição SA, já tem o processo de substituição de luminárias em curso, através de investimento próprio.

De futuro, e de forma a concluir este processo, fica a faltar a freguesia sede do concelho e Reboreda, recorrendo às verbas disponibilizadas pelo Portugal 2020 para a eficiência energética.

Valença Cria Fun Zone de Apoio à Seleção

O Jardim Municipal de Valença vai ser o palco principal para a visualização dos jogos da seleção de Portugal no Mundial da Rússia. A Fun Zone, terá ecrãs gigantes e bares de apoio que prometem tornar os jogos da seleção das quinzenas empolgantes em Valença.

O primeiro espetáculo futebolístico será já sexta-feira, 15 de junho, às 15h, para visualizar o jogo entre as seleções de Portugal e Espanha. O espetáculo repete-se a 20 de junho, com o jogo Portu-

gal/Marrocos, às 13H e em 25 de junho no jogo Portugal/Irão, às 19H. O entusiasmo é grande no apoio à seleção nacional e esperam-se vitórias e muitos mais espetáculos até à final, em Valença.

O recinto do Jardim Municipal contará com ecrãs gigantes que proporcionarão uma melhor leitura dos jogos. A área contará, ainda, com dois bares de apoio a ser explorados pelo Sport Clube Valenciano e pelos Bombeiros Voluntários de Valença.

II Sarau de patinagem, Monção sobre rodas

No próximo sábado, 16 de Junho, pelas 20h30, Monção vai receber centenas de atletas que irão brindar o público com grandes exhibições de patinagem artística. Trata-se do “II Sarau de Patinagem, Monção sobre Rodas”, organizado pela Secção de Patinagem do Desportivo de Monção.

Além do clube anfitrião, Secção de Patinagem do Desportivo de Monção, participam mais seis clubes portugueses e galegos, nomeadamente AEHDE O Carballiño, Escola Desportiva de Viana do Castelo, Hóquei Clube de

Fão, Melgaço em Patins, O Chusquiño de Valeixe, e Rolar Matosinhos.

O evento, que decorre no Pavilhão Municipal, conta ainda com demonstrações das três modalidades de patinagem promovidas pela secção de Patinagem do Desportivo de Monção. A saber: patinagem de velocidade, hóquei em patins e patinagem artística.

Neste sarau, com entrada livre, destaca-se a participação dos campeões de patinagem artística da Europa e do mundo: Pedro e Ana Walgode, Francisco Silva, José Cruz e Ricardo Pinto.

Talleres Guiller Motor



Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)
Tel/Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados



TALLERES



GASOLEOS TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61



A AECT Río Miño constitúe a súa asemblea xeral e comeza a traballar no seu plan de actividades para o 2018

A Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Río Miño, constituíu o pasado 7 de xuño a súa asemblea xeral, nun acto celebrado na sé da agrupación en Valença e presidido pola presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva; o presidente da Comunidade Intermunicipal do Alto Minho, José María Costa; e o novo director da Agrupación, o deputado de Cooperación Transfronteiriza Uxío Benítez.

A celebración comezou coa toma de posesión dos integrantes da mesa, composta por vinte alcaldes e alcaldesas de Galiza e Portugal. Como presidente da mesa da asemblea resultou elixido o alcalde de Viana do Castelo e presidente do CIM Alto Minho, José María Costa, e pola súa parte, Marcos Besada, alcalde de Salceda de Caselas, foi designado como secretario, cargo que ambos ostentarán durante os próximos dous anos.

A presidenta provincial avanzou que neste mes de xuño a FEMP vai organizar en Pontevedra unha reunión



do Norte de Portugal e Galicia para reflexionar sobre os novos retos do mundo local e a necesidade dun maior protagonismo para o municipalismo.

Plan de actividades 2018

O director da AECT Río Miño e deputado de Cooperación Transfronteiriza, Uxío Benítez, explicou que a constitución da asemblea da agrupación foi "o último paso na formalización do esquema da AECT, e que partir deste momento comeza o traballo de desenvolvemento do plan de

actividades para o 2018".

Uxío Benítez sinalou que "este será un ano de transición dalgunhas das responsabilidades de xestión e seguimento de proxectos e expedientes ata agora asumidos pola xa desaparecida Uniminho". Así mesmo, o deputado provincial adiantou que "entre as actuacións máis relevantes que afrontará a AECT nos próximos meses estará a consolidación institucional da agrupación na rexión, a promoción da coordinación dos proxectos transfronteirizos Smart Minho

e Visit Río Minho ou a promoción e a participación en novas candidaturas con financiamento europeo".

A AECT Río Miño nace co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento e reforzar a cohesión económica e social do seu territorio. Ten como atribucións articular o espazo común, promover as relacións de cooperación territorial, aumentar a cohesión institucional do territorio de ambas marxes do río Miño, promover o seu patrimonio cultural e natural, valorizar as

potencialidades dos recursos endóxeos e consolidar unha marca turística común para os dous países.

Os dous socios principais da AECT son a Deputación de Pontevedra e a CIM Alto Minho, que aglutinan 16 concellos pontevedreses (A Guarda, O Rosal, Oia, Tomiño, Tui, O Porriño, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Ponteareas, As Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario, Arbo, Crecente, A Cañiza e Covelo) e outros dez do norte de Portugal (Arcos de Valdevez, Monção, Melgaço, Valença, Vilanova da Cerveira, Paredes de Coura, Ponte de Lima, Ponte da Barca e Viana do Castelo), abrangendo máis de tres mil quilómetros cadrados de territorio e 375.995 habitantes.

A creación da AECT Río Minho foi impulsada polas accións de Estratexia de Cooperación Intelixente Transfronteiriza do proxecto Smart Minho, que conta cunha inversión de orzamento de 942.022,47 euros, cofinanciado ao 75% polo programa INTERREG VA POCTEP, fondos FEDER da Unión Europea.



Ecocelta co campo galego

Abonos e sustratos ecolóxicos

Materias primas de Galicia

Ecocelta Galicia, S.L. T. 986 645 487 administracion@ecocelta.com
Crta. PO-253 km 0,8 Pontacóns-Pías 36895 Ponteareas

